

Con data do día de hoxe, a concelleira delegada da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller, adoptou unha Resolución, que transcrita literalmente di:

"O programa "Peque-educa en igualdade", lévase a cabo dende a Concellería de Igualdade e Muller e ten como finalidade apoiar ás familias no coidado dos seus fillos e fillas en períodos vacacionais.

Este verán os campamentos levaranse a cabo na Ludoteca da Praza de España, Casa da Xuventude, Centro Cívico de Canido, Auditorio Ferrol, Carballo Calero, Serantes, Covas e Esmelle.

O servizo prestarase de luns a venres, agás festivos, durante os meses de xullo e agosto, nos seguintes horarios:

- Horario ordinario: De 9:30h a 13:30h
- Horario ampliado: De 8:30h a 14:30h

Os criterios de selección foron os fixados no Decreto da concelleira delegada da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller, de data 06.06.2018, que establecía o seguinte:

Prioridade para optar a unha praza, segundo a orde seguinte:

Primeiro: Familia monoparental empregado/a ou realizando formación profesional regrada ou formación para o emprego.

Segundo: Dous proxenitores ou titores/as legais empregados/as ou realizando formación profesional regrada ou formación para o emprego.

Terceiro: Un/unha proxenitor/a ou titor/a legal empregado/a ou realizando formación profesional regrada ou formación para o emprego.

Cuarto: Outras situacións non reflectidas nos puntos anteriores.

Se as solicitudes superasen ás prazas ofertadas, terase en conta a orde rigurosa de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

Empadramento:

O requisito imprescindible para optar a unha praza do programa é que o/a menor estea empadornado no Concello de Ferrol, agás os/as menores acollidos/as por familias do Concello de Ferrol ao abeiro do programa Vacacións en Paz e menores derivados da Casa de Acollida Municipal.

Idade:

O programa está dirixido a menores con idades comprendidas entre os 3 e os 13 anos. Deben ter os 3 anos cumpridos o 1 de xullo e non cumprir os 14 anos antes do 1 de setembro.

Prazo:

O prazo para solicitar a inscrición en ditos programas estableceuse dende o día 8 ao 15 de xuño.

Tendo en conta todo o anterior, a concelleira delegada titular da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar as resolucións das solicitudes presentadas para optar a unha praza nos campamentos Peque-educa en igualdade, verán 2018, segundo se relacionan no ANEXO I.

Segundo: Aprobar un prazo de 3 días para presentar alegacións."

Comunícollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

O/A secretario/a xeral do Concello de Ferrol